



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Referencia: PCO.001.2024.00162

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E O PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO ARBOREDO DO PAZO DE MARIÑÁN, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2024.00162

Don XOSÉ REGUEIRA VARELA, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña:

RESOLVO:

1. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado polo Servizo de Patrimonio e Contratación con data 22 de maio de 2024 e o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Servizo de Arquitectura e Mantemento con data 29 de febreiro de 2024, para a contratación dos SERVICIOS DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO ARBOREDO DO PAZO DE MARIÑÁN, nas seguintes condicións:

1.1. Información do contrato:

Tipo de contrato: servizos

Procedemento: aberto con multiplicidade de criterios

1.2. Prazo de execución: Dous anos a partir do día 29 de agosto de 2024 ou desde o día seguinte á formalización do contrato en documento administrativo, se fose posterior, prorrogable ata un máximo de dous anos máis, segundo o previsto na cláusula 3.

1.3. Orzamento máximo:

Concepto	orzamento anual	orzamento total (dous anos)
Presuposto sen IVE	28.812,36	57.624,72
Imposto sobre o Valor Engadido (IVE)	6.050,60	12.101,20
Presuposto IVE incluído	34.862,96	69.725,92

1.4. Valor estimado: 129.655,62 €

1.5. Financiamento: O contrato poderá financiarse do seguinte modo:

PARTIDA	AÑO	NÚMERO OPERACIÓN	IMPORTE
0420/93366/22799	2024 (1 trimestre)	RC 220240028229	8.715,74
	2025 (4 trimestres)	RCP 220249000385	34.862,96
	2026 (3 trimestres)		26.147,22
TOTAL			69.725,92

Por tratarse dun contrato de carácter plurianual, financiarase conforme o disposto no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O contrato queda suxeito á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas do contrato no exercicio correspondente. A mesma condición suspensiva rexe para as sucesivas anualidades e as eventuais prórrogas.

2. Dispoñer que o referido contrato se adxudique mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración.